

Galicia
en común.

PODEMOS

 **esquerda unida**

anova MAREAS

CONSTRUÍRMOS O FUTURO

PLAN DE RECUPERACIÓN DO PAÍS

Recuperación económica e loita contra a pobreza

(11)

Bloque 1

Estratexia de Reconstrución Económica	15
1.O emprego como prioridade absoluta.	16
2.Reforzo dos servizos públicos e do emprego público.	18
3.Eliminación da fenda salarial e de xénero.	19
4.Apoio económico e financiación para o tecido produtivo.	19
5.Apoio aos sectores máis afectados pola crise.	20
6.Facilitar o financiamento das PEME, autónomas/os e empresas de economía social.	21
7.Apoiar as producións locais e o comercio de proximidade.	22
8.Acordo cos/cas axentes económicos/as e sociais.	23
9.Participación da Xunta en sectores estratéxicos.	23
10.Acelerar o cambio cara un modelo máis sustentable, social e ambientalmente.	24
11.Cooperación con outras Administracións.	25
Agricultura e gandería	26
Sector do Mar	29
Comercio e Turismo	31
Cultura	34
Loita contra a pobreza	39
57.Renda Garantida da Cidadanía Galega	39
58.Suspensión da cobranza de taxas e impostos autonómicos.	40
59.Cooperación cos concellos.	40
60.Flexibilización de prazos e requisitos.	40
61.Incremento da axuda á dependencia.	40
62.Teleasistencia e atención domiciliaria.	40
63.Axudas á conciliación.	41
A vivenda como dereito	42
64.Vivenda digna.	42
65.Apoio aos colectivos máis vulnerables.	43
66.Paralización dos desafiuzamentos.	43
67.Dignidade e erradicación dos asentamentos precarios.	43
68.Aumento substancial do parque público de vivenda.	43

Reforzar as políticas públicas

Bloque 2

(47)

Recuperar a Sanidade Pública	51
69.Plan de choque ante un posible rebrote da pandemia.	51
70.Volver a un sistema sanitario realmente universal e de xestión totalmente pública.	52
71.Acabar coa precariedade na Sanidade Pública.	52
72.Ampliación das infraestruturas sanitarias públicas e reforzo da Atención Primaria.	53
73.Plan urxente para abordar as listas de espera.	53
74.Aplicación da Lei de Incompatibilidades e revisión da obxeción de conciencia.	53
75.Sistema centralizado de compras de medicinas e fin da pobreza farmacéutica.	54
Educación pública, gratuíta e inclusiva	55
76.Organización e previsión de medidas ante a pandemia do COVID-19.	55
77.Ensino público e gratuíto.	56
78.Blindar e reforzar a educación pública.	56
79.Reposición e aumento de docentes.	57
80.Calidade e atención no ensino.	57
81.Cara á unha educación totalmente pública.	57
82.Integración do alumnado con necesidades específicas.	57
83.Igualdade e erradicación do acoso escolar.	57
84.Máis galego e competencia multilingüe.	57
85.Ampliación da oferta educativa non obrigatoria e das bolsas.	57
86.Incremento dos fondos para a investigación universitaria.	58
87.Novas titulacións.	58
88.Compromiso coa inserción laboral.	58
Servizos públicos de calidade	59
89.Xustiza social.	59
90.Internet universal e de balde.	59
91.Aumento dos fondos para a Lei de Dependencia.	59
92.Incremento do sector dos coidados e control público.	60
93.Loita contra a feminización da pobreza.	60
94.Protección da infancia e mocidade.	60
95.Atención ás nosas persoas maiores.	60
96.Coidado das persoas con diversidade funcional.	61
97.Blindar as subministracións básicas.	61
98.A xestión pública dos servizos como obxectivo.	61

Recuperar e ampliar os dereitos (63)

Bloque 3

Feminismo	65
99. Compromiso efectivo coa Igualdade.	65
100. Loita contra a violencia de xénero.	65
101. Mellora da atención e autonomía para as mulleres vítimas de violencias machistas.	66
102. Coa trata non hai trato.	66
Recuperación e ampliación dos dereitos civís	67
103. Normalización da diversidade sexual.	67
104. Memoria Histórica democrática.	67
105. Un país de acollida e retorno.	67
106. Máis autogoberno.	68
107. Respecto aos Dereitos Humanos.	68
108. Orgullosos da nosa lingua e cultura.	68
109. Defensa dunha información pública plural, veraz e independente.	68
110. Democracia participativa.	68
111. Fin da corrupción e eliminación do malgasto público.	69

Protexer o planeta e combater a emerxencia climática (71)

Bloque 4

112. Novo modelo territorial.	71
113. Mobilidade sustentable, accesible e segura.	72
114. A auga como ben común, universal e de xestión pública.	72
115. Un novo modelo de xestión de residuos.	72
116. Lei Galega de Mitigación e Adaptación ao Cambio Climático.	73
117. Abordar unha transición enerxética e hidrolóxica responsables.	73
118. Protexer a nosa natureza.	73
119. Preservar a nosa biodiversidade.	73
120. Defender aos animais.	73

Recuperación económica e loita contra a pobreza

Bloque 1

Aínda non superamos as consecuencias da crise financeira de 2008 e a economía galega, e xa que logo a súa xente, **enfrentámonos a unha nova recesión económica**. Á ralentización do ritmo de crecemento da economía no último ano e á incerteza crecente no contexto internacional (con episodios tan negativos como o Brexit, de efectos aínda incertos sobre sectores importantes da nosa economía coma a pesca) súmase agora a crise derivada da paralización da economía mundial como consecuencia das medidas adoptadas polos distintos gobernos para controlar a pandemia do COVID-19.

Estamos probablemente ante a peor das crises económicas da nosa historia recente. **A magnitude das caídas da produción e do**

emprego non teñen precedentes e prodúcese nun contexto de máxima desigualdade social, con traballadoras/es empobrecidos e condicións laborais cada vez máis precarias, consecuencia das políticas neoliberais e dos recortes aplicados logo da crise de 2008 polos gobernos da dereita. Así, a saída á crise financeira baseouse fundamentalmente nunha devaluación interna de salarios, no deterioro -ate límites insoportables- dos dereitos laborais dos traballadores e das traballadoras, e no recorte -sen precedentes- dos recursos destinados ao financiamento dos servizos públicos. Por todas esas vías, a factura da crise recaeu sobre as clases traballadoras e afectou fundamentalmente ás persoas con menor capacidade económica.

O papel dos poderes públicos tórnase máis importante ca nunca para a superación da actual crise económica e será necesario combinar a labor de tódalas Administracións e dos axentes económicos e sociais para recuperar, canto antes, o pulso da economía. Pero os gobernos non poden volver cometer os mesmos erros. Precisamos ferramentas de dimensión e intensidade extraordinarias, á medida da gravidade da actual crise económica. **Desde Galicia en Común - Anova Mareas consideramos que é necesario refacer os orzamentos da Xunta de Galicia para 2020, incrementando considerablemente o gasto para convertilo en investimento, e elaborar unha Lei de Emprego de Galicia, na que se estableza o marco de ordenación das políticas públicas de emprego, definindo o sistema de emprego de Galicia e a súa carta de servizos, así como a natureza, misións e funcións do Servizo Público de Emprego de Galicia, de xeito que se configure como organismo autónomo, reforzando o seu carácter de servizo público e dotándoo de máis recursos humanos e materiais. Será necesario tamén redefinir o apoio aos sectores produtivos, e reorientalos por completo para poñelos ao servizo dunha Estratexia de Reconstrución Económica do país,** onde se sitúe o emprego como principal prioridade.

Enfrontaremos o reto de superar esta nova crise económica sen que os custes volvan

recaer sobre as/os mesmas/os, sen deixar a ninguén atrás. **Por iso, teremos como principal prioridade a creación de emprego e a recuperación de condicións de traballo dignas, garantindo a recuperación de dereitos laborais e loitando contra a precariedade e a discriminación laboral e a fenda salarial por motivos de xénero.**

Impulsaremos a transformación da nosa economía cara á modelos máis sustentables e máis solidarios, máis respectuosos co noso medio ambiente e coas persoas que o habitamos e, ao mesmo tempo, máis intensivos en coñecemento, de maior valor engadido, xeradores de postos de traballo de maior cualificación, mellor remunerados e con maiores perspectivas de futuro. **Unha transformación industrial cara á unha economía máis verde e máis solidaria, apostando polo desenvolvemento das nosas potencialidades, e na que o sistema fiscal xogue un papel clave na redistribución da renda, para reducir as insoportables diferenzas actuais.**

O Programa de Reconstrución Económica de Galicia en Común - Anova Mareas contempla, paralelamente, **incrementar de xeito inminente os orzamentos nas partidas destinadas ás políticas sociais co obxectivo de loitar contra a pobreza e atender as necesidades urxentes** e rematar coas situacións de precariedade que

están a atravesar moitos galegos e galegas. É preciso pois que, solidariamente, afrontemos xa unha serie de medidas públicas que van desde reformulación da actual RISGA para convertila nunha Renda Garantida da Cidadanía Galega, ata a protección das persoas máis vulnerables (infancia, maiores, persoas con dependencia, familias en risco de exclusión, monomarentais ou monoparentais, etc.) ou a garantía dun sustento básico, dunha vivenda digna e a ampliación dos servizos públicos de cobertura social, en xeral. Apostamos por un modelo de benestar social integral, que atenda as necesidades da xente neste momento de emerxencia e que sexa un motor para a integración e a cohesión social. En Galicia en Común - Anova Mareas cremos que un país que se preze debe ser quen de **asegurar a igualdade de oportunidades da súa cidadanía, respectar os principios de xustiza social universal e, máis ca nunca, poñer a economía ao servizo da xente.**

Estratexia de Reconstrución Económica

Sen perder nunca de vista que a situación xerada polo coronavirus aínda marcará as nosas vidas e comportamentos sociais pero, ao tempo, pasada a primeira vaga de contaxios da pandemia cun importante custe de vidas e esforzo do persoal implicado -especialmente, o sanitario-, a gran preocupación é a crise económica derivada da mesma. **Enfrontámonos a un escenario que non fixo máis que suliñar as deficiencias dunhas políticas que non funcionan e que evidencian a necesidade dun cambio urxente onde a xente e o ben común estea por riba de calquera outro interese.**

Perante a pasividade da Xunta de Feijóo, que parece agardar a que os problemas se resolvan por si mesmos, é **necesario impulsar ese Plan ou Estratexia de Reconstrución Económica e converter esta crise nunha oportunidade para o cambio real, no que outro modelo máis sostible e igualitario de ser e estar no mundo é posible.**

O primeiro gran desafío, será a reconstrución económica do país, dado o grave deterioro que casou en moitas persoas o necesario confinamento sanitario. A realidade hoxe é que moitas e moitos traballadores non saben se mañá volverán incorporarse ao seu traballo ou se a súa empresa desaparecerá afogada por débedas. A maior preocupación nos fogares de todos e todas nós é se poderemos afrontar cuns mínimos de dignidade o futuro porque as desigualdades e o empobrecemento non fixeron máis que incrementarse. No noso entorno, ou en carne propia, estamos sufrindo as consecuencias dunha economía de subsistencia ou, directamente, de exclusión social. Por iso, a **creación de emprego de calidade será o eixo prioritario das políticas económicas de Galicia en Común - Anova Mareas.**

1. O emprego como prioridade absoluta.

A recuperación económica ten que empezar polo emprego. As políticas de emprego deben ser a principal prioridade do novo Goberno da Xunta de Galicia. É necesaria vontade política para desenvolver estratexias que melloren a empregabilidade sen deixar a ninguén atrás.

Precisamos dun novo modelo económico que poña as persoas no centro, e precisamos con urxencia ferramentas útiles que faciliten, desde a formación e o acompañamento, o acceso dos e das galegas a un posto de traballo digno, que lles permita vivir con autonomía, calquera que sexa a súa situación de partida.

A Xunta de Galicia ostenta a competencia en materia de Políticas Activas de Emprego mais a pesar das altas taxas de paro e da caída continuada das taxas de actividade, o Goberno de Feijóo veu relegando as políticas de emprego nos orzamentos da Xunta, recortando as súas dotacións ano tras ano, e deixando sen executar unha boa parte dos fondos asignados a esas políticas. Como consecuencia deses recortes, a dotación inicial para políticas de emprego

prevista nos Orzamentos da Xunta para 2020 aínda está un 35% por debaixo da dotación inicial prevista no ano 2009. No pasado ano 2019, a Xunta do PP deixou sen executar máis de 135 millóns de euros en políticas de emprego. Isto supón que non se investiron case catro de cada dez euros e que os perdemos para estas actuacións imprescindibles e que deben ser continuadas.

A pesar de contar cun maior peso no sector primario e cunha menor dependencia relativa do turismo, en comparación coa media do Estado, a Enquisa de Poboación Activa (EPA) do primeiro trimestre de 2020 reflicte que Galicia rexistrou o quinto peor comportamento de entre todas as Comunidades Autónomas, cun incremento da taxa de desemprego de 0,9 puntos porcentuais con respecto ao último trimestre de 2019, que deixa a taxa de paro de Galicia no 12,65%, reducindo a distancia coa media estatal. Ademais, hai que ter en conta que a EPA do primeiro trimestre de 2020 só recolle os primeiros quince días posteriores á declaración do Estado de Alarma, e que os Expedientes

de Regulación de Empleo Temporal (ERTEs) declarados na nosa Comunidade afectan xa a preto de 250.000 traballadores.

As **políticas de apoio** aos sectores produtivos teñen que **definirse para evitar que os actuais ERTes rematen directamente no incremento do desemprego** cando se extingan as actuais medidas temporais aprobadas polo Goberno do Estado.

Elaboraremos unha **Lei de Empleo de Galicia, na que se estableza o marco de ordenación das políticas públicas de emprego**, definindo o sistema de emprego de Galicia e a súa carta de servizos. Poremos en marcha un **Plan Especial de Empleo, de carácter plurianual, co obxectivo de reducir ao máximo posible as taxas de desemprego, e ir recuperando, paulatinamente, as taxas de actividade en Galicia, para o que negociaremos unha dotación especial por parte do Estado.**

A negociación cas/os axentes económicas/os e sociais, así como a cooperación entre

Administracións, serán claves na definición e na execución deste Plan, que abordará a **reformulación das políticas activas de emprego da Xunta de Galicia, as problemáticas laborais vinculadas á dixitalización da economía, a transición cara unha economía de baixas emisións e incluírá medidas específicas destinadas a favorecer o emprego da mocidade, das mulleres e os parados de longa duración.**

Nesta Estratexia de Reconstrución Económica **reconfiguraremos por completo o actual Servizo Público de Empleo de Galicia, a súa natureza, misións e funcións de xeito que se configure como un organismo autónomo, reforzando o seu carácter de servizo público e dotando o mesmo de máis recursos humanos e materiais.** Buscamos que a súa actuación de subvencionador pasivo bascule cara á orientación, á formación e á intermediación no mercado de traballo, **convertendo os itinerarios de inserción personalizados** (seguimentos integrais de orientación, formación e emprego) **na ferramenta fundamental da súa actuación.**

Potenciaremos o Servizo Público de Emprego de Galicia promovendo a súa modernización e incrementando os medios humanos e

materiais, fronte ao modelo das empresas de traballo temporal e as axencias de colocación privadas con ánimo de lucro, para que cumpra coa súa verdadeira finalidade de servir como canle principal de intermediación entre a oferta e demanda de emprego en Galicia, aporte fluidez ao mercado de traballo, detecte as novas necesidades e as carencias da nosa oferta e contribúa a corrixilas.

2. Reforzo dos servizos públicos e do emprego público. A experiencia da crise de 2008

demostra que as políticas austericidas, de recortes dos servizos públicos, non poden ser a solución para a saída da crise actual. As políticas aplicadas polos gobernos da dereita fixeron que a carga desa crise financeira de 2008 recaese fundamentalmente sobre os/as traballadores/as, sobre as clases medias e, en xeral, sobre as persoas con menor capacidade económica, acadándose niveis máximos de

pobreza, de desigualdade e de precarización laboral.

A pandemia do COVID-19 puxo en evidencia que os recortes nas políticas sanitarias, particularmente graves nos servizos de Atención Primaria, e a privatización de servizos esenciais, como os de coidados das persoas maiores, teñen a súa contrapartida en termos de vidas humanas.

Necesitamos reforzar os Servizos Públicos esenciais -nomeadamente a Sanidade, a Educación e os Servizos Sociais- por seren os que levan soportado recortes máis voluminosos, en termos absolutos, ao longo desta última década pero tamén no resto dos servizos públicos, que adoecen de falla de persoal e de medios económicos e materiais imprescindibles para desenvolver o seu cometido.

Recuperaremos os dereitos laborais do persoal de servizos coa derogación da Lei de Medidas 1/2012 e activaremos os artigos suspendidos do V Convenio.

O Plan de Reconstrución de Galicia debe partir do fortalecemento da Administración autonómica, **incrementando os recursos para o financiamento dos Servizos Públicos esenciais, recuperando o emprego público imprescindible para garantir a calidade dos servizos, e mellorando as condicións de traballo dos empregados/as públicos/as.**

3. Eliminación da fenda salarial e de xénero.

Aplicaremos **medidas tendentes á erradicación da discriminación laboral das mulleres e vixilaremos o cumprimento e respecto ao principio fundamental de igual salario a igual traballo**, con independencia do xénero, sancionando a aquelas empresas que non o cumpran. Entre outras, estableceremos as seguintes actuacións:

a. Elaborar unha **Estratexia Galega para a Eliminación da Fenda Salarial** que teña como primeiro paso realizar un estudo cualitativo e cuantitativo sobre esta, que analice as diferenzas entre traballos e categorías similares, contando para a súa elaboración

coas organizacións feministas e coas centrais sindicais.

b. **Implementar mecanismos, de maneira permanente, para mellorar os indicadores que forman parte das estatísticas acerca do emprego, superando a mera segregación por sexos, e incorporar os datos referidos ao tempo de traballo de maneira non remunerada, para avaliar a incidencia do traballo reprodutivo e categorizar o seu valor.**

c. Impulsar un plan para **fomentar a implantación e cumprimento dos Plans de Igualdade no conxunto das empresas.**

d. Implementar, no marco das nosas competencias, os **permisos de maternidade e paternidade iguais, intransferibles e remunerados ao 100%.**

4. Apoio económico e financiación para o tecido produtivo. Mobilizaremos recursos económicos suficientes, públicos e privados, acordos coa dimensión extraordinaria da

crise, **para apoiar aos sectores produtivos e a creación de emprego.**

Os vixentes Orzamentos Xerais da Xunta de Galicia están elaborados sobre unha previsión de crecemento nominal do PIB galego do 3.1% neste ano 2020. É necesario redefinilos por completo, para adaptalos ao cambio de escenario macroeconómico, que mudou dun crecemento moderado a unha forte recesión. Pero, ademais, será necesario superar o actual teito de gasto non financeiro, establecido en 10.160 millóns de euros, se queremos que o Plan de Reconstrución teña un impacto real sobre a economía, e que o papel da Xunta non se limite a mover recursos dunhas políticas para outras, coa consabida volta aos recortes.

Nesta estratexia de políticas fiscais expansivas será determinante, a medio prazo, a reforma do Sistema Fiscal Galego, que propicie un reparto máis xusto das cargas tributarias e achegue maiores recursos á Administración autonómica, **así como a consecución dun novo Sistema**

de Financiamento Autonómico que reforce o autogoberno e a capacidade fiscal de Galicia.

Ademais, o Goberno galego debería ser quen de chegar a acordos con entidades financeiras e outros/as axentes económicos/as, para acadar compromisos de investimento e condicións financeiras favorables ao mantemento da actividade económica e á xeración de novas actividades produtivas.

5. Apoio aos sectores máis afectados pola crise.

As medidas da Xunta de Galicia para apoiar aos sectores que máis forte e máis directamente están sufrindo o impacto desta crise son testemuñais ou, practicamente, inexistentes.

A Xunta limítase a enumerar medidas que están fóra do seu ámbito de competencias, agardando que as solucións veñan sempre doutras administracións pero, dentro das súas responsabilidades, as medidas adoptadas polo Goberno galego son verdadeiramente escasas. A diferenza do acontecido noutras

Comunidades Autónomas, en Galicia non se aprobaron axudas directas aos traballadores/as autónomos/as, un dos colectivos máis numerosos, máis vulnerables e máis fortemente afectados pola crise do COVID-19.

O Plan de Reactivación dos Sectores Cultural e Turístico, recentemente aprobado pola Xunta de Galicia, non mobiliza nin un só euro que non estivera xa previamente nos orzamentos da Consellería de Cultura e Turismo. É dicir, é un acto de propaganda, que non aumenta as partidas nin ten en conta a afección da pandemia sobre estes sectores. Ademais de medidas horizontais, que garantan a liquidez e a solvencia das empresas afectadas pola crise, é necesario deseñar medidas sectoriais específicas, para cada un dos sectores e ramas de actividade afectadas, porque a natureza das disposicións de apoio necesarias e o grao de afectación das actividades son moi diferentes.

Aprobaremos axudas directas ás/aos autónomas/os, as pequenas e medianas empresas (PEMEs) e empresas de economía

social que desenvolvan as súas actividades nos sectores **máis afectados pola crise**, como o pequeno comercio, as producións culturais, o sector da hostalaría e o turismo, ou transporte, entre outros, **para que a crise non derive no peche total da actividade.**

6. Facilitar o financiamento das PEMEs, autónomas/os e empresas de economía social.

A rixidez e restricións que sofren as pequenas e medianas empresas (PEMEs) para acceder ao crédito en Galicia supón un grave problema para o desenvolvemento económico da nosa comunidade. A Xunta dispón de ferramentas -como son o XesGalicia, o IGAPE, Sodiga ou Afigal- para facer fronte a esta situación pero **a fragmentación das liñas de axuda, así como o baixo volume de fondos, non propicia o seu aproveitamento. Non posuímos tampouco ningunha entidade financeira propia que teña en conta as características e particularidades do país**, nin que teña o seu centro de decisión no territorio. Esta situación é consecuencia do proceso de eliminación das caixas galegas, a súa posterior bancarización e intervención, así

como da reestruturación do sistema financeiro en todo o Estado. **É imprescindible dotármonos de ferramentas bancarias con capacidade para xerar crédito e avaliar e apostar polos nosos proxectos.**

Con estes obxectivos, integraremos os instrumentos e os organismos de crédito cos que conta actualmente a Xunta de Galicia para poñer en marcha un **Instituto Galego de Crédito** e contribuír a reactivar os fluxos crediticios ás PEME, impulsaremos a actividade produtiva e sentaremos as bases para a creación final dunha Banca Pública Galega.

7. Apoiar as producións locais e o comercio de proximidade. A crise do COVID-19 tamén puxo de manifesto a importancia de garantir a soberanía e a seguridade alimentaria. En vez de seguir permitindo, e mesmo estimulando o seu esmorecemento, o Goberno galego debería aproveitar esta oportunidade para fortalecer os nosos sectores primarios **apostando pola transformación industrial dos seus produtos e creando as estruturas necesarias para mellorar**

a súa distribución, particularmente no relativo ás novas formas comercialización “on line”.

Pola súa banda, o pequeno comercio, o comercio de proximidade, está a sufrir moi intensamente as consecuencias desta crise, coa maioría dos establecementos pechados durante a maior parte do Estado de Alarma, e unha reapertura condicionada por limitacións de aforo e novos requirimentos sanitarios que, en moitos casos, fan inviable a súa continuidade ou xa provocaron o seu peche.

É necesario establecer **axudas directas ao pequeno comercio,** na súa maior parte integrado por traballadoras/es autónomas/os, para que poidan abordar os **investimentos necesarios para cumprir coas novas esixencias sanitarias,** e tamén para **compensar as perdas** derivadas do período de peche obrigatorio e das limitacións de aforo, ata que se recupere a total normalidade das súas actividades.

Ademais, o pequeno comercio non é só un espazo de compra venda, é un núcleo de

encontro e cohesión social, especialmente relevante no medio rural pero tamén moi importante nos ámbitos urbanos, polo que é preciso **dinamizar os espazos comerciais** de proximidade ligándoos á realización de actividades culturais abertas ao público, educativas e de formación e carácter solidario.

É necesario vincular o pequeno comercio ás políticas de fomento do emprendemento, apoio ás PEMEs, e xestión territorial, facilitando o acceso a mecanismos de financiamento e programas de formación, e promovendo as políticas de relevo xeracional, para que o comercio de proximidade desenvolva todo o seu potencial de creación de emprego, tanto no ámbito rural coma no urbano, e para que contribúa á fixación de poboación no medio rural.

8. Acordo cos/cas axentes económicos/as e sociais. O Plan de Reconstrución económica de Galicia debe ser necesariamente o resultado dun **amplio acordo cos/cas axentes económicos/as e sociais,** porque son os que teñen que

enfrentar no día a día as dificultades derivadas desta crise, porque son os que mellor coñecen as especificidades de cada sector e rama de actividade e, sobre todo, porque na situación actual é imprescindible o compromiso de todos/as os/as axentes que van participar directamente na toma de decisións que afectan á produción e ao emprego.

9. Participación da Xunta en sectores estratéxicos. Estamos vendo como os gobernos das principais potencias europeas están acudindo na defensa das súas empresas máis significativas. A toma, por parte do Goberno alemán, dunha participación do 20% do capital da compañía aérea Lufthansa debería servir como exemplo.

O Estatuto de Autonomía de Galicia faculta á Comunidade Autónoma para constituír institucións que fomenten a plena ocupación e o desenvolvemento económico e social no marco das súas competencias. Por iso **o Goberno galego debería recompoñer os distintos fondos e instrumentos financeiros cos que conta o**

Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) **para acudir na defensa de empresas galegas** senlleiras, (por exemplo, no sector naval) se fose necesario mediante participacións no capital, para **garantir o mantemento do emprego, da produción, do coñecemento e da nosa cota nos mercados internacionais;** priorizando a propiedade social e a xestión cooperativa nos plans de rescate.

10. Acelerar o cambio cara un modelo máis sustentable, social e ambientalmente.

Esta crise tamén está a por de manifesto a necesidade de **reorientar o modelo de crecemento** da economía galega cara á parámetros máis ecolóxicos, máis respetuosos co medio, e cara á novas formas de produción que xeren empregos de calidade e nos permitan rematar coa actual precarización do traballo e coa pobreza crecente.

É necesario que **aceleremos a transición cara unha economía verde, cun alto contido tecnolóxico e creadora de novas fontes de emprego.** Un novo modelo de desenvolvemento

económico sostible apoiado, cada vez máis, na economía circular para acadar a maior contribución á sociedade co menor impacto posible.

Neste sentido, é importante desenvolver as medidas acordadas polos/as axentes económicos/as e sociais no **“Pacto por unha alianza no sector industrial galego”**, impulsando unha maior **diversificación produtiva** da nosa economía; apostando polas producións máis intensivas en coñecemento; fomentando a **transferencia de saber** das Universidades e dos centros de investigación cara ao sistema produtivo; abordando os retos da **transición enerxética**, da **dixitalización** e das **novas formas de organización da produción e da distribución;** explorando as novas posibilidades que ofrece a **economía verde** e a intensificación dos **servizos baseados nos coidados.**

Neste cambio de modelo produtivo é fundamental acadar unha **transición enerxética xusta**, que non destrúa emprego nas comarcas

afectadas pola descarbonización da industria. Non basta con reclamar a adaptación do estatuto electointensivo ás nosas necesidades. A Xunta de Feijóo hai anos que debería estar promovendo medidas e procurando acordos coas empresas afectadas, como xa fixeron outras autonomías, para evitar a destrución de empregos e para xerar empregos alternativos nas zonas máis prexudicadas.

Ademais, fronte a un modelo oligopólico, **apostaremos pola democratización da enerxía e priorizaremos poñer en mans da xente e do público os sectores que se desenvolvan neste campo.**

11. Cooperación con outras Administracións.

A capacidade económica da Xunta de Galicia é limitada. Para maximizar o impacto do Plan de Reconstrución sobre a economía é necesario **coordinar os esforzos de tódalas Administracións**, procurando sinerxías entre as medidas adoptadas nos distintos niveis e evitando duplicidades innecesarias.

Débesse aplicar o principio de subsidiariedade sempre que este garanta un desenvolvemento máis útil e eficiente das medidas do Plan, con independencia de que administración sexa a titular da competencia. Ao tempo cómpre facilitar e simplificar os trámites de acceso para a cidadanía, desburocratizando e centralizando as xestións administrativas.

Agricultura e gandería

A agricultura e a gandería, como o sector do Mar, ademáis de ser prioritarios por garantir o abastecemento e alimentación da poboación, **constitúen unha das principais fontes de riqueza económica e emprego de Galicia.**

Co fin de axudar a este sector económico e cooperar na súa viabilidade presente e futura dada a situación de crise sanitaria que sufrimos globalmente, desde Galicia en Común - Anova Mareas propoñemos:

12. Desenvolver un **plan específico de apoio ao sector agrícola e gandeiro galego, que contemple axudas económicas directas para o mantemento dos postos de traballo e liñas de crédito a tipos de interese cero** durante o período de crise sanitaria para aquelas actividades cuxos ingresos se vexan afectados de maneira negativa, como a vitivinícola.

13. Priorización, na compra pública (hospitais, centros de maiores, comedores sociais, etc.) e bancos de alimentos, **dos produtos locais, os das pequenas granxas e os agroecolóxicos, e especialmente daqueles procedentes dos**

sectores que resultaron máis prexudicados polo peche da hostalería (como o peixe procedente de pesca sostible e a carne de caprino e ovino).

14. Incentivar e **axilizar a concesión de rexistros sanitarios a gandeiros/as para facilitar a venda directa.**

15. Campaña de sensibilización á poboación sobre o consumo de produtos locais e frescos, así como sobre a seguridade alimentaria dos mercados de proximidade e outras vías de venda directa.

16. Establecemento de normas hixiénico-sanitarias proporcionais, tendo en conta as peculiaridades das pequenas explotacións gandeiras extensivas e agroecolóxicas e a súa menor necesidade de medicación, diferentes daquelas que se esixen para explotacións de gando intensivas industriais.

17. Poñer en marcha os mecanismos e as ferramentas necesarias para **cubrir as demandas**

urxentes de persoal que se poidan requirir a curto e medio prazo para atender o traballo necesario na actividade agrícola e gandeira en Galicia ante as restricións de mobilidade de persoas a nivel estatal e internacional.

18. Planificación preventiva, en coordinación cos/cas axentes sectoriais, para a **mobilización urxente de terras agrícolas non explotadas ou infrautilizadas que poidan compensar posibles restricións ao abastecemento de alimentos** e subministración das partidas orzamentarias necesarias.

19. Galicia conta cunha balanza alimentaria negativa de centos de millóns de euros anuais debido, fundamentalmente, á importación de alimentos para o sector gandeiro aínda que tamen pola insuficiente diversificación productiva agrícola. **Aprobaremos un plan para a diversificación do sector agrícola e de reequilibrio da balanza alimentaria.** Comezaremos por aprobar un Mapa de Solos de aptitude agronómica de Galicia para

preservarlos para a produción de alimentos evitando a súa forestación ou urbanización.

20. Para a dinamización do sector agrícola, para a súa diversificación e para a adaptación a un modelo máis sustentable **é necesario reverter o desmantelamento do sistema público de investigación, formación e asesoramento.** Comezaremos por **cubrir as vacantes nas Oficinas Agrarias Comarcais, nos Centros de Investigación e de Formación** na próxima lexislatura.

Sector do Mar

Dada a **importancia estratéxica para o noso país do sector pesqueiro e extrativo** a situación de crise sanitaria que estamos a vivir a nivel global **ten unhas importantísimas repercusións no tecido económico e social galego que deben ser corrixidas á maior brevidade posible. A adopción urxente destas medidas** respondería, en primeiro lugar, a **protexer a saúde dos traballadores e traballadoras** dun sector esencial como é o da alimentación, e doutra banda, **evitar o peche definitivo, desmantelamento da propia actividade ou auxiliares e a consecuente perda dunha cantidade inxente de postos de traballo.** Estas son as principais propostas de choque que adoptaremos desde o novo Goberno da Xunta de Galicia en Común - Anova Mareas:

21. Mellorar as condicións de seguridade sanitaria nas embarcacións e nas lonxas.

Articular protocolos de desinfección nos portos de titularidade autonómica.

22. Aplicación de medidas sanitarias que protexan a saúde das persoas traballadoras das

conserveiras como a distancia de seguridade entre os postos e ringleiras de produción, dotación de material como mascarillas e redución de persoas por quenda de traballo.

23. Estudo e aplicación de mecanismos por parte da Administración para establecer uns prezos mínimos; garantir aos/ás armadores/as axudas directas para que non cesen a actividade por mor das perdas (compensación de prezos, bonificacións nas cotas á Seguridade Social, etc.).

24. Control dos puntos de primeira venda, para mellorar os protocolos de protección establecidos para os traballadores e traballadoras e a seguridade sanitaria dos alimentos.

25. Retirada de especies cando non se rexistren prezos mínimos e utilízalas para o seu consumo interno en hospitais, residencias, etc.

26. Reivindicación de que a cota sobrante de este ano sexa trasladada ao 2021, e valorar,

baixo informes científicos, a reapertura de
pescarías que cumpran criterios de sostibilidade
de caladoiros.

**27. Axudas directas ás confrarías de
pescadores/as e agrupacións de produtores/
as,** dirixidas a paliar a falta de actividade, a
atención ás necesidades das persoas e sectores
que as compoñen, e o acceso e mellora dos
mecanismos alternativos de atención ao público
e venda.

Comercio e Turismo

O sector servizos, e máis concretamente as actividades comerciais e turísticas, son pezas clave na economía galega, cunha **importante achega en materia de creación de riqueza e emprego**. A situación actual destas actividades xerada pola crise sanitaria obriga a desenvolver, de maneira urxente, medidas de apoio por parte da Xunta de Galicia, en coordinación co resto das Administracións, que non só atendan ás necesidades conxunturais de empresas, autónomos/as e traballadores/as, senón a **establecer as garantías de continuidade destas actividades** nas mellores condicións posibles fronte ás dificultades da post-crise, así como a **sentar as bases para o avance cara a un modelo sectorial baseado en criterios de cooperación e sustentabilidade**. É por isto que, desde Galicia en Común - Anova Mareas, propoñemos unha serie de medidas necesarias e urxentes:

28. Axudas directas a fondo perdido a PEMEs e autónomos/as que cesasen a súa actividade ou viran reducidos os seus ingresos de maneira importante por causa da crise sanitaria para afrontar gastos de alugueiro de instalacións,

pagos de persoal e outros custos inasumibles trala situación de parálise.

29. Aprobación de liñas de axudas específicas, a fondo perdido, destinadas a PEMEs e autónomos/as, entre as que se propoñen:

a. Axudas para o desenvolvemento de sistemas e ferramentas de comercio virtual e teletraballo, así como para a formación e capacitación do persoal no seu uso.

b. Axudas para a reactivación da actividade comercial, realización de campañas publicitarias, promoción do comercio local e de proximidade e de produtos feitos en Galicia.

c. Axudas para a creación e ampliación de asociacións comerciais que protexan e permitan unha maior cooperación entre o sector do comercio galego.

d. Liñas de axuda específicas para empresas e autónomos/as con establecementos turísticos vinculados directamente co Camiño de

Santiago que non puideron abrir as súas portas durante a crise sanitaria.

30. Liñas de crédito a interese cero, a través do IGAPE, e facilidades de pagamento para autónomos/as e pequenas empresas de comercio e hostelería cuxos ingresos se viron afectados de maneira importante pola situación de crise sanitaria.

31. Moratoria ao pago de alugueiros de locais comerciais de propiedade ou xestión pública (Instituto Galego da Vivenda e Solo; XESTUR S.A.; etc.) , **e quitas do 50% para aqueles casos nos que se reduciſen de maneira drástica os ingresos.**

32. Creación dun fondo de capital risco para investir en empresas arraigadas no territorio galego e con capacidade de dinamizar a actividade económica.(Xesgalicia funciona como sociedade de capital risco xa. Creo que é mellor falar que os fondos de capital risco da Xunta teñan a capacidade suficiente e unha política

industrial clara nos sectores estratéxicos para que teñan realmente incidencia)

33. Posta en marcha dunha liña de apoio financeiro dirixida a entes locais para o mantemento e impulso da actividade comercial e turística nos municipios de Galicia, e a promoción do comercio local, de proximidade, e os produtos de orixe galega.

34. Mantemento de tódolos contratos públicos da Administración autonómica comprometidos co sector do turismo e o comercio, mediante fórmulas de flexibilización e adaptación no obxecto e temporalidade dos contratos, de tal forma que se permita a cobertura de necesidades emerxentes así como o sostemento da actividade e o emprego.

35. Axilizar o pagamento a provedores por parte da Xunta de Galicia para garantir a viabilidade das súas actividades e dos postos de traballo.

36. Impulsar un programa de competitividade turística socialmente responsable e sanitariamente seguro para contribuír a adecuar os servizos do sector aos novos requirimentos tras a crise sanitaria.

37. Creación dunha comisión permanente de traballo transversal entre as administracións galegas, axentes do sector do comercio e turismo, representantes sindicais e organización civís, para analizar e decidir conxuntamente as medidas a implementar na recuperación económica.

Cultura

Estímase que a crise da COVID-19 fai perigar un de cada tres empregos do sector cultural galego. Urxentemente **precisamos dedicar unha ampla dotación orzamentaria que rescate ás/aos traballadores** culturais e **evite a destrución de emprego**, loite contra a precarización laboral e **teña en conta a intermitencia e outras características específicas do traballo no sector**.

Queremos desenvolver **un plan de emprego que teña en conta ás/aos traballadores invisibilizados pola crise** sanitaria ao seren sorprendidos sen contrato e sen posibilidade de acceder á prestacións por desemprego.

Poremos en valor os empregos das creadoras e creadores través do **recoñecemento e protección dos seus dereitos e faremos valer o papel que debe xogar a administración na loita contra a precariedade**, dadas as numerosas eivas existentes na materia.

Por este motivo, **Galicia en Común- Anova Mareas** desde a nova Xunta, **e en coordinación**

co Goberno do Estado, tomará de forma inminente unha serie de medidas que favorezan un novo pulo a este sector que se viu fortemente afectado, e aínda o está, polas medidas sanitarias aplicadas para evitar o contaxio do coronavirus.

No escenario inmediato, atenderemos ás urxencias mantendo a atención nas cuestións de fondo a través das seguintes medidas:

38. Aumentaremos o orzamento en Cultura

ata o 0,25% do PIB (percentaxe que tiñamos en 2009) para poder reactivar o sector produtivo, manter o emprego e garantir o dereito constitucional de acceso á cultura.

39. Implementaremos medidas de

compensación de perdas previstas ate outubro de 2020: cubrir os gastos xerados por proxectos cancelados, **acelerar os pagos pendentes da administración** e xerar unha liña de axudas urxentes a fondo perdido para paliar as situacións nas que non se xeren ingresos

ou estes descendan de maneira importante (autónomos/as e PEMEs).

40. Avogamos por non suspender os contratos coas empresas prestadoras de servizos culturais, valorando unha posible reorganización bianual (2020-2021) do calendario cultural para evitar a saturación do segundo semestre do ano. Outra posibilidade é modificar o obxecto e execución dos servizos e proxectos contratados, de común acordo entre as partes, e en calquera caso asumir, como mínimo, a parte de custos fixos destes contratos. Inclusión nestes supostos dos proxectos e servizos que se atopen en trámites de contratación cando xa se asumiron custos de produción.

41. Incluíremos nas bases das convocatorias das subvencións, anticipos e pagos a conta ata o 80% da contía concedida, para dotar de tesourería ao sector, con pouca liquidez por causa da crise sanitaria e sen garantías para ter acceso a financiamento.

Adiantar os cachés de aqueles eventos que tiveran que ser cancelados e reprogramados **co obxectivo de garantir a liquidez das empresas culturais e o pagamento ás/aos artistas.**

42. Utilizaremos as canles da CRTVG para a promoción e difusión da cultura galega en tódolos seus formatos posibles:

a. Poñer ao dispor das nenas e nenos unha franxa horaria especial na CRTVG con **contidos didácticos e pedagóxicos,** así como con **productos culturais elaborados no país** e adaptados a distintas idades, coma contacontos, pequenas obras teatrais, títeres, obradoiros de manualidades, de experimentación científica, musicais, etc.

b. Atender a **subtitular contidos educativos e culturais que atendan á formación** da infancia, mocidade e adultos/as.

c. Axudar a manter a **información cultural viva e actualizada** por parte dos medios de comunicación e ferramentas informativas

públicas, colaborando na difusión da cultura galega por tódolos medios non presenciais posibles. **Cofecer a realidade cultural e corrixir desequilibrios.**

43. Elaborar un estudo do impacto socioeconómico para o sector cultural que sirva de base ao deseño e implementación de medidas específicas de apoio en colaboración con/coas representantes do sector e os diferentes observatorios culturais.

44. Subvencionaremos as taxas para rodaxes audiovisuais ata finais de 2020 e apostaremos de forma firme e decidida polo sector audiovisual galego, inxectando liquidez inmediata a través de carga de traballo por parte da CRTVG coa contratación de programas e series autóctonas, así como coa compra de producións de cine realizadas e sobre proxecto.

45. Destinaremos parte dos recursos do Xacobeo para facer fronte ao déficit coxuntural producido durante a vixencia do Estado de

Alarma e **para unha aportación extraordinaria ao tecido cultural.**

46. Artellaremos un plan para **achegar a cultura ao rural** que axude a desenvolver actividades culturais en todo o territorio, contribúa a facer máis accesible a cultura a todos e todas e fomente o turismo interno.

47. Convocaremos bolsas de traballo para que persoas paradas do sector cultural teñan acceso a traballar coas comunidades en todo o país **nas Casas de Cultura e outras infraestruturas públicas e/ou comunitarias infrautilizadas.**

48. Aprobaremos a **Lei Galega de Mecenado e Fondo Social como ferramenta de financiamento e patrocinio da cultura,** unha iniciativa historicamente pendente en Galicia. Estableceremos o reforzamento da alianza con entidades e institucións na procura do investimento público e privado, sempre coordinado, cara á cultura.

49. Promoveremos códigos de boas prácticas

entre a Administración e as traballadoras e traballadores da Cultura co obxectivo de combater a precariedade. Isto supón que a Administración galega non traballará nin concederá axudas a empresas, asociacións ou entidades que non cumpran con determinados criterios: salarios dignos; cláusulas sociais; igualdade ou cumprimento dos convenios colectivos vixentes...

50. Implantaremos unha Oficina de Acción e Asesoramento cultural.

A finalidade desta Oficina de consultoría e acompañamento será orientar laboral, xurídica, económica, técnica, artística, e formativamente ás traballadoras e traballadores da cultura.

51. Crearemos un **Consello Asesor consultivo de profesionais independentes que terá carácter estable e contará coa presenza de representantes do tecido artístico e cultural do país** que traballará conxuntamente co Consello da Cultura Galega, IGAPE, Agadic, Consellería de Emprego, etc . Estará formado por distintos/as

especialistas nos distintos eixos da cultura e as artes (do libro, audiovisuais, artes escénicas...). A Xunta terá en conta as recomendacións e propostas deste Consello á hora de promover leis, axudas ou outras accións lanzadas desde o Goberno.

52. Elaboraremos un **censo de creadoras e creadores así como de empresas culturais** coa fin de cuantificar o sector segundo as distintas ramas de actividade e poder establecer políticas culturais focalizadas á mellora da calidade e estabilidade do traballo e políticas de fomento do tecido produtivo.

53. Plan de formación co fin de incrementar o grao de profesionalización dos/as traballadores/as culturais. Impulsaremos as convocatorias dos procedementos de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral nas unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais relacionadas co sector cultural.

54. Impulsar bolsas á creación co fin de poñer en valor os procesos creativos dos creadores e creadoras culturais.

de traballo no ámbito creativo para favorecer a acollida en empresas dos galegos/as no exterior.

55. Apoio á produción cultural da mocidade galega.

A mocidade é o futuro do país e o futuro da cultura galega. Recoñecendo o impacto destructivo da crise do coronavirus na situación laboral e educativa dos menores de 35 anos, habilitaremos **dúas convocatorias urxentes: unha de bolsas de formación e investigación e outra convocatoria para desenvolver procesos e actividades no sector** co obxectivo de fortalecer a produción cultural da mocidade. Tamén favoreceremos a **implantación de métodos de coexistión de espazos públicos infrautilizados** con colectivos e asociacións de xente moza.

56. Incorporación da produción cultural actual da diáspora galega.

Fortaleceremos as relacións entre a produción cultural da Galicia exterior e a da Galicia interior para posibilitar a integración. Atenderemos a novos ámbitos organizativos de galegos/as na diáspora e convocaremos bolsas

Loita contra a pobreza

Como vimos de explicar, sen termos recuperado totalmente da crise económica sobreveu unha nova crise, desta volta sanitaria, **que emperou a situación de vulnerabilidade e o risco de exclusión de moitos dos nosos/as concidadáns/as.** A chegada do coronavirus e medidas como o confinamento levaron a moitas persoas á entrada en expedientes de regulación de emprego temporal (ERTEs) ou, directamente, á rúa. Esta situación está a afectar a todo tipo de familias, tamén as que, ata o de agora, vivían sen demasiados problemas. O aumento das novas demandas aos Bancos de Alimentos ou as peticións de outros apoios a ONGDs son unha clara mostra deste empobrecemento social. Este incremento de novas familias que precisan axuda danos unha idea da desatención que están a sufrir as persoas no noso país por parte do Goberno galego do PP e que dependen, para comer, da solidariedade dos seus veciños e veciñas. **É preciso pois que, como país, solidariamente, aprobemos de forma urxente un aumento orzamentario e unha serie de medidas públicas** que van desde a creación dunha Renda

Garantida da Cidadanía Galega ata a protección das persoas máis vulnerables (infancia, maiores, persoas con dependencia, familias en risco de exclusión, monomarentais ou monoparentais, etc.) ou a garantía dunha vivenda digna e a ampliación, en xeral, dos servizos públicos de cobertura social. Asegurar o sustento básico, ten que estar agora na prioridade de todas as Administracións e accións políticas e temos que facelo xa, sen demoras nin atrancos. Estas actuacións, ademais, **complementarémolas coa accesibilidade universal aos servizos públicos que reforzaremos tamén de maneira inmediata.**

57. Renda Garantida da Cidadanía Galega. Implantaremos unha Renda Garantida da Cidadanía Galega con axudas económicas directas e inmediatas para todas aquelas persoas e familias que non conten con ingresos ou liquidez para garantir a súa subsistencia.

A contía será suficiente e proporcionada para garantir os pagamentos de alugueiro de vivenda, alimentación e subministracións básicas da unidade familiar (electricidade, auga, gas, medicinas, etc.). Por medio do incremento de

recursos da Renda de inclusión social de Galicia (RISGA), as axudas de emerxencia social ou por outras vías para cubrir novas demandas (Ingreso mínimo vital, axudas municipais...). Estas axudas deben flexibilizar e axilizar os requisitos de acceso axustándoos ás necesidades xeradas a causa do COVID-19. **Eliminaremos trámites burocráticos para facilitalos e posibilitaremos a súa compatibilidade con outras fontes de ingresos.**

58. Suspensión da cobranza de taxas e impostos autonómicos. Todas aquelas persoas e familias que acrediten a perda dos seus ingresos, ou cando estes sexan insuficientes para garantir o seu sustento, quedarán exentas do pagamento de taxas e impostos de carácter autonómico.

59. Cooperación cos concellos. Habilitaremos liñas de axuda urxente aos concellos para incrementar os recursos materiais e humanos dos servizos sociais municipais -por ser os que mellor coñecen de preto a realidade dos seus territorios- e poremos á súa disposición

os servizos de empresas privadas que poidan cubrir as necesidades existentes en cada caso.

60. Flexibilización de prazos e requisitos. Abriremos novos prazos e flexibilizaremos os requisitos de acceso para axudas de continuidade ante o afloramento de novos casos de precariedade, como bolsas comedor ou as prestacións ligadas á Renda Vital de Emerxencia. Axilizaremos e estableceremos procedementos abreviados que permitan tamén a solicitude e concesión de axudas de maneira telemática.

61. Incremento da axuda á dependencia. Ampliaremos (e prórrogaremos) o Programa do Servizo de Axuda a Dependencia (SAD) coa dotación de persoal suficiente para dar axilidade ás valoracións do grao de dependencia e proceder á realización efectiva dos pagos no tempo máis breve posible.

62. Teleasistencia e atención domiciliaria. Reforzaremos os servizos de teleasistencia para a adecuada atención e cobertura a

persoas soas, maiores, con dependencia e casos positivos ou illadas a causa da COVID-19 que o precisen. Complementariamente implementaremos un **plan específico de atención a domicilio de persoas con calquera tipo de discapacidade cognitiva, física, etc.**

63. Axudas á conciliación. Estableceremos axudas á conciliación para persoas con menores a cargo, ou persoas con dependencia, e casos positivos ou illados a causa da COVID-19, no caso da aparición de novos casos ou un rebrote da pandemia, durante o período no que permanezan pechados os centros de ensino e os centros de atención a persoas dependentes. Prestaremos especial atención ás familias monomarentais e monoparentais. Apertura en condicións de seguridade os centros de día e as escolas infantís garantindo desta maneira os beneficios que estos centros aportan para os coidados de persoas dependentes e a educación dos nenos e nenas.

A vivenda como dereito

O Goberno galego debe **garantir o dereito ao acceso á vivenda de toda a cidadanía** xa que este é un dereito fundamental que debe de estar por riba dos negocios e intereses privados. Apostamos por un **plan integral para a vivenda porque queremos construír un país xusto e próspero.**

É preciso contar cunha nova **Lei de vivenda de Galicia** que garanta o dereito á vivenda e teña en consideración na súa elaboración as propostas da PAH e de Stop Desafiuzamentos, ademais doutros interlocutores sociais (sindicatos, asociacións veciñais, etc.).

Traballaremos a prol dun **aumento notable no investimento en vivenda**, o que nos permitirá incrementar o parque de vivendas de titularidade pública.

De xeito inmediato, á nosa chegada ao Goberno galego aplicaremos medidas para poder garantir, sobre todo, que as familias e persoas máis golpeadas economicamente non perdan a súa vivenda por mor desta crise sanitaria.

Incrementaremos significativamente o parque público de vivenda con alugueiro social e daremos solución ás persoas inscritas no Rexistro de Demandantes de Vivenda con algún tipo de protección. O 80% delas desexan unha vivenda de promoción pública de aluguer e dotarémolas coa cooperación cos concellos alí onde se localice a demanda.

Definiremos o concepto de vivenda baleira para dar opción aos concellos a plantexar un recargo no IBI (Imposto de Bens Inmóbeis) **naqueles casos nos que se considere necesario.** Esa definición irá enfocada cara os grandes posuidores que especulan coa vivenda.

Non autorizaremos a compra de vivenda de protección por fondos voitre nin Sociedades Anónimas Cotizadas de Inversión Inmobiliaria (SOCIMIS). O IGVS comprará e reterá aquelas vivendas de protección de aluguer que rematen o período de cualificación.

64. Vivenda digna. Aplicaremos a exención do pago da renda das vivendas do Instituto

Galego de Vivenda e Solo (IGVS), e polo tanto de titularidade autonómica, durante o tempo que sexa preciso pola crise do COVID-19.

Igualmente, **estenderemos o Bono de alugueiro ao 100%, incluíndo gastos de comunidade,** a todas as persoas que por causa da actual situación de crise perderon os seus ingresos ou os viron reducidos en máis dun 75%.

65. Apoio aos colectivos máis vulnerables.

Realizaremos un **Plan integral de atención á saúde física e psicosocial das persoas sen fogar e transeúntes** e dotaremos de **Centros de Atención Integral 24 horas** a estas persoas nas sete cidades galegas. Habilitaremos un parque de vivendas de titularidade autonómica e **abriremos albergues públicos nas sete grandes cidades galegas.**

66. Paralización dos desafiuzamentos.

Instauraremos un **Plan Integral** contra os Desafiuzamentos que se teñen constituído como unha vulneración constante dun dereito tan fundamental como o da vivenda. Para

combatelos melloraremos os mecanismos de coordinación entre Xunta de Galicia, o Consello Xeral do Poder Xudicial (CXPXG), entidades bancarias, Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e colectivos sociais que **nos permitan unha actuación rápida e preventiva.**

67. Dignidade e erradicación dos asentamentos precarios.

Buscaremos a **erradicación dos asentamentos precarios** de Galicia e adaptaremos o bono de alugueiro social á realidade, co fin de dotar dunhas condicións mínimas de dignidade ás persoas e familias máis vulnerables e acabar coas infravivendas. **Imporemos tamén medidas para o control dos prezos e condicións das vivendas en aluguer.**

68. Aumento substancial do parque público de vivenda. A Xunta de Galicia debe aumentar os activos da bolsa pública de vivenda

mediante acordos de cesión e xestión coa SAREB (Sociedade de Xestión de Activos procedentes da Reestruturación Bancaria), grandes tenedores e pequenos propietarios. Os acordos

con estes últimos garantirán a cobranza de rendas e o mantemento e mellora dos inmobles.

O IGVS comprará e reterá tamén aquelas vivendas de protección de aluguer que rematen o período de cualificación co fin de incrementar o seu parque **e impedir a entrada a empresas especulativas e fondos voitre.**

Ao tempo, **proporcionaremos soporte xurídico e técnico aos concellos para a creación de Bolsas de vivendas de alugueiro.** O obxectivo é mobilizar con urxencia vivenda baleira, redefinindo o seu concepto, como mecanismo áxil para dotar de recursos habitacionais ás persoas e familias vulnerables ante a falta de vivenda pública.

Reforzar as políticas públicas

Bloque 2

A pandemia do COVID-19, ademais de deixarnos un incerto futuro económico que debemos afrontar como unha oportunidade para cambiar o modelo e apostar por un sistema sustentable e que poña á xente do común por diante, **evidenciou as graves deficiencias que as continuas políticas de recortes do PP supuxeron para os servizos públicos**. Ano tras ano, os orzamentos de Feijóo diminuían os cartos destinados ao benestar de todos e todas nós.

A crise sanitaria do coronavirus puxo ao descuberto a desfeita na Sanidade Pública: falta de camas, escaso e precaarizado persoal sanitario, nulos recursos materiais, etc. Só o esforzo, a vocación e a profesionalidade de

todo o **persoal da Sanidade Pública, aén a risco de poñer en perigo as súas vidas, foron quen de dar unha resposta eficaz**. Agora, pasada a primeira vaga de contaxios, **cómpre recuperar a Sanidade Pública como o que é: unha peza clave de calquera sociedade de benestar e un dereito da cidadanía**. Trátase, en definitiva, de **dotar á Sanidade Pública dos recursos materiais e humanos que precisa para acadar un sistema realmente universal, público ao 100%, digno, eficiente, transparente, equitativo e accesible en igualdade, con independencia do lugar no que se viva, asegurando as mellores prestacións a todas as persoas que residimos en Galicia**.

O confinamento destapou tamén a falta de investimento no ensino público en Galicia e, o que é peor, unha importante desigualdade nas oportunidades dos rapaces, rapazas e adolescentes. **Desde Galicia en Común - Anova Mareas esiximos reverter o proceso de deterioro e as consecuencias negativas que debilitaron o sistema de ensino público polos recortes e o abandono que lles impuxo a política do Partido Popular. É necesario, se queremos unha sociedade máis libre e igualitaria, que velemos pola calidade e igualdade de oportunidades de todos e todas na educación e a formación.** Só un pobo con coñecemento e pensamento crítico será quen de sementar un futuro mellor e defender os seus dereitos e liberdades.

Por último, **a crise do coronavirus golpeou de novo aos/ás máis vulnerables.** Nós non cremos que o Goberno galego poda ser un mero espectador e permanecer impasible ante as necesidades máis básicas da súa cidadanía. **Para Galicia en Común - Anova Mareas o primeiro é a xente** así que actuaremos en consecuencia para garantir, entre as nosas prioridades, os **fondos necesarios para axudar axeitadamente a aqueles/as que se atopan en situacións máis precarias, redistribuíndo a riqueza e na procura dun país no que a xustiza social sexa unha realidade.** Nun país democrático, supostamente desenvolvido e solidario, non pode haber xente

que pase fame ou non teña cubertas as súas necesidades máis básicas. **De forma progresiva, a xestión dos Servicios Sociais -como a da Sanidade e a Educación- debe pasar a mans públicas xa que se ten demostrado máis eficaz, capaz de aplicar controis obxectivos, corrixir erros e deficiencias máis axilmente e, ao final, resulta moito máis económica e de maior calidade.**

Recuperar a Sanidade Pública

A chegada do coronavirus e a súa repercusión social puxeron de manifesto a debilidade e os recortes que o Partido Popular ven aplicando dende hai anos e que a cidadanía, convertida en “Marea Branca”, ven denunciando nas rúas. Peche de puntos de atención primaria, desaparición de especialidades, precariedade laboral do cadro de persoal sanitario, desigualdades territoriais inasumibles, privatización e negocio coa saúde de todas e todos nós... Chegou o momento de reverter esta situación. Se sempre fumos conscientes da importancia dunha sanidade pública que funcione dentro duns determinados **parámetros de calidade** e garanta unha **atención en condicións**, a crise actual ven confirmar esta necesidade.

Os médicos, enfermeiras e o resto do persoal sanitario son, coa súa vocación e profesionalidade, os que nos teñen salvado nesta crise. Non o sistema, que como vimos de explicar, está abandonado e sen recursos. Pero a solidariedade non é só saír a aplaudir ós balcóns, senón recoñecerlles realmente o

seu traballo con **contratos dignos e dereitos laborais porque esta condición repercutirá directamente na calidade da atención que nos prestan.**

69. Plan de choque ante un posible rebrote da pandemia.

a. Dotación de Equipos de Protección

Individual (EPIs) e os seus compoñentes, respiradores e outros equipos necesarios.

Busca de provedores en Galicia para a súa fabricación, no caso de ser necesario.

b. Repartición de equipos de protección individual e produtos de desinfección con cobertura a todo o territorio de Galicia e a

todo o persoal sanitario (desde médicas/os a limpadoras/es, cociñeiras/os, etc.) **así como a aquelas persoas que o necesiten pola súa actividade profesional** (traballadoras/es de residencias da Terceira Idade, etc.).

c. Contratación urxente de persoal suficiente para o reforzo dos servizos do persoal sanitario

nos hospitais e centros de saúde, de asistencia a domicilio sanitaria e social en todos os municipios de Galicia.

d. Previsión de medicalización inmediata e desinfección periódica de todas as residencias da Terceira Idade, así como dos centros de dependentes e de menores con residentes.

e. Disposición e acondicionamento dun **maior número de camas,** no caso de ser necesario, así como dun **aumento do número de prazas das Unidades de Coidados Intensivos.**

f. Reforzo inmediato de recursos humanos e materiais ao servizo 061 de atención telefónica de urxencias sanitarias.

g. Plan específico para a coordinación e o subministro a domicilio de medicamentos a persoas maiores e/ou que viven illadas e flexibilización dos trámites para obter receitas a través de mutuas.

70. Volver a un sistema sanitario realmente universal e de xestión totalmente pública.

Recuperaremos o dereito á saúde a tódalas persoas que quedaron excluídas nos últimos anos recobrando con medidas excepcionais a **universalidade na atención sanitaria para toda a poboación que a precise no territorio galego. Garantiremos, igualmente, a equidade no acceso aos servizos sanitarios no rural, onde estableceremos unha carteira de servizos mínimos en todo o territorio.**

Planificaremos a progresiva **reversión a mans públicas dos concertos sanitarios coas entidades privadas ata acadar o 100% de xestión que se ten demostrado máis eficiente, económica e transparente.**

71. Acabar coa precariedade na Sanidade Pública. Como quedou demostrado tras a crise sanitaria co COVID-19 non hai Sanidade sen persoal sanitario. O máis importante son as persoas que traballan na saúde pública, por iso, **a nosa primeira proposta céntrase en devolverlles unhas condicións de traballo**

dignas. Faremos unha **convocatoria de Oferta de Emprego Público adaptada á realidade** para cubrir as prazas necesarias nos hospitais e noutros centros sanitarios.

72. Ampliación das infraestruturas sanitarias públicas e reforzo da Atención Primaria.

Como consecuencia das políticas de recortes e privatizacións desenvolvidas polo goberno de Feijóo, as **infraestruturas hospitalarias** están hoxe desbordadas, cando non pechadas, e os/as doentes son derivados a centros privados. Galicia en Común - Anova Mareas propón **unha intervención seria que corrixa esta situación** e na que será especialmente importante a **reapertura dos puntos de Atención Primaria pechados** e o reforzo dos existentes xa que esta é **a porta de entrada ao propio sistema sanitario e debe ser accesible para garantir a máxima inclusión das persoas. Dignificaremos este primeiro eido sanitario** fronte ás actuais Xerencias de Atención Integrada, que supeditaron os servizos de Atención Primaria aos hospitais, **devolvéndolles a súa capacidade organizativa e de xestión.**

73. Plan urxente para abordar as listas de espera. A xestión das listas de espera está vencellada á privatización do sistema sanitario e directamente relacionada co beneficio para o negocio privado da saúde. É necesario poñer en marcha un **Plan Urxente para reducir as listas de espera**, agravadas coa crise do coronavirus que demorou moitas intervencións pendentes, que contemple a utilización racional dos recursos do sistema público e os poña a disposición da cidadanía. Así mesmo, a xestión destas listas debe seguir un procedemento transparente e público.

74. Aplicación da Lei de Incompatibilidades e revisión da obxección de conciencia.

Prestaremos especial atención á **aplicación da Lei de Incompatibilidades para acabar coa duplicidade dos postos de traballo nos sistemas público e privado. Algo que só favorece a desigualdade e o crecemento irracional das listas de espera.**

Revisaremos tamén a obxección de conciencia dos funcionarios públicos, especialmente no

tocante á interrupción voluntaria do embarazo, que conculca o dereito das mulleres a decidir libremente. Polo tanto, debemos garantir esta práctica sanitaria en calquera hospital público do noso país.

75. Sistema centralizado de compras de medicinas e fin da pobreza farmacéutica.

Crearemos un sistema centralizado de compra de medicamentos para todos os centros hospitalarios do país coa fin de establecer un control e acadar un importante aforro de recursos públicos. Estudaremos a posibilidade de iniciar a produción pública de xenéricos e **fomentaremos a investigación biosanitaria para a mellora da saúde da poboación.**

A difícil situación económica de moitas persoas está tamén a limitar o seu acceso aos produtos farmacéuticos e suspender os seus tratamentos por non poder facer fronte ao seu gasto.

Adoptaremos medidas de carácter social tendentes a revertir esta situación e poñer fin á pobreza farmacéutica.

Educación pública, gratuíta e inclusiva

Se a “Marea Branca” foi o símbolo da loita en defensa do sistema sanitario público, **a fartura da cidadanía con respecto ás deficiencias e recortes na Educación tamén saíu á rúa nunha vaga de protestas e tornouse en “Marea Verde”**. Se daquela xa o sistema público educativo estaba afogado, os sucesivos recortes que continuou a aplicar o Goberno de Núñez Feijóo ano tras ano -sen escoitar as demandas dos galegos e galegas- e, **de novo, a crise sanitaria do COVID-19 que obrigou ao confinamento dos nenos, nenas e adolescentes e a suspensión das clases presenciais, acabou por certificar o desastre.**

Precisamos un amplo acordo sobre a Educación pública, incluída a universitaria, que a blinde e garanta un ensino de calidade, gratuíto, inclusivo, que protexa a escola rural e que cumpra co seu principal cometido: a igualdade de oportunidades.

Con todo, a crise sanitaria deixou ó descuberto grandes carencias e desigualdades polo que **o primeiro obxectivo será preparar a**

docentes e alumnado e prever e satisfacer as súas necesidades ante un posible rebrote da pandemia e dispoñer as aulas para un regreso á “nova normalidade” con garantías sanitarias.

Estas, entre outras, son as medidas que propoñemos desde Galicia en Común - Anova Mareas:

76. Organización e previsión de medidas ante a pandemia do COVID-19.

a. Atallar a fenda dixital coa dotación urxente de recursos materiais e pedagóxicos para o desenvolvemento das actividades docentes en liña en todos os ciclos educativos; asegurar que todo o alumnado posúe a tecnoloxía (ordenadores e/ou tabletas) para seguir contidos dixitais, que dispoñen dos datos e a conectividade necesaria en todo o territorio galego ou, cando menos, ofrecer solucións alternativas para familias sen recursos ou residentes en zonas de accesibilidade limitada; adaptar e crear contidos en lingua galega para

nenas e nenos con necesidades específicas de apoio educativo, etc.

b. Garantir que as nenas e nenos beneficiarios de bolsas comedor continúen a recibir unha alimentación axeitada de requirirse un novo confinamento. Esta actuación debe abranguer tamén ás escolas infantís de xestión autonómica **e abrir a posibilidade de acceso ás bolsas ás familias que vexan afectados os seus ingresos** por mor desta crise.

c. Planificación e posta en marcha dun plan de adaptación da actividade docente presencial para o curso próximo, con criterios de seguridade sanitaria e igualdade en todos os ciclos educativos (desde as garderías ás facultades) e elaboración dun protocolo de volta á normalidade que non só teña en conta as cuestión curriculares senón socioafectivas; **aumentar a contratación de mestres e profesorado e rebaixar a ratio de alumnado por aula**, facilitando o necesario desdoblamento dos grupos; **protexer aos/as docentes, alumnado e persoal auxiliar**; incorporación axeitada dos contidos que non puideron ser vistos no curso

2019/2020; análise da situación de **atención ao alumnado con necesidades de apoio educativo específico** (NEAE) para poder tomar medidas concretas e individualizadas, apoiadas nos equipos de orientación específica.

77. Ensino público e gratuíto.

Avanzar nun ensino verdadeiramente gratuíto como garante real da igualdade de oportunidades. Incluiremos as **escolas infantís de 0 a 3 anos** no sistema educativo para facelas **públicas e gratuítas** de xeito progresivo e recuperaremos a **gratuidade dos libros de texto** e outro material escolar. Apostaremos por **comedores gratuítos** de provisión directa, garantindo o uso de produtos frescos e de proximidade. **Defenderemos tamén a especificidade da escola rural** reducindo os requisitos mínimos para asegurar a súa pervivencia.

78. Blindar e reforzar a educación pública.

Nova Lei Educativa que blinde orzamentariamente o dereito a un ensino público de calidade e adaptado ás novas

tecnoloxías e que reverta os recortes que, ano tras ano, ven sufrindo o sector, recuperando os cadros docentes e os seus dereitos laborais.

79. Reposición e aumento de docentes.

Comprometémonos a convocar as oposicións de mestres/as e profesorado, prevista e non celebrada este ano, mantendo todas as prazas e a **planificar unha oferta de emprego público** ao longo da lexislatura adaptada as previsións de matrícula, xubilacións... **que responda ás necesidades dos centros educativos** públicos e a **reducir** progresivamente as circunstancias docentes relacionadas coas **‘materias afíns’**.

80. Calidade e atención no ensino.

Rebaixaremos o número de alumnos/as por aula para asegurar unha atención educativa máis próxima e de calidade aínda cando teñamos superada a crise sanitaria.

81. Cara á unha educación totalmente pública.

Diminuiremos gradualmente os concertos educativos e **habilitaremos vías para a**

incorporación dos centros educativos concertados á rede pública.

82. Integración do alumnado con necesidades específicas. Escolarización e **inclusión total do alumnado** con **necesidades educativas especiais** en centros sostidos con fondos públicos e **incremento do número de profesionais que atenden as necesidades específicas de apoio educativo**, incluída a xordeira.

83. Igualdade e erradicación do acoso escolar. **Erradicaremos o acoso escolar e a violencia machista das aulas**, cumprindo o compromiso cunha escola feminista e igualitaria.

84. Máis galego e competencia multilingüe. **Nova normativa de promoción do idioma e a cultura galega no ensino** e, paralelamente, deseño de proxectos que garantan a **competencia multilingüe** do alumnado.

85. Ampliación da oferta educativa non obrigatoria e das bolsas. Daremos **pulo á igualdade de oportunidades na formación**

postobligatoria, ampliando a oferta educativa e de bolsas que garantan ao alumnado non urbano o acceso ás diversas modalidades de Bacharelato ou ciclos formativos de FP. Esta aposta **inclúe unha universidade pública e gratuíta** con custe cero das matrículas nos estudos de Grao e diminución das taxas académicas dos mestrados. Será tamén gratuíta o acceso aos másteres habilitantes.

86. Incremento dos fondos para a investigación universitaria. Compromiso coa investigación **universitaria a través de máis fondos e unha maior estabilidade da carreira investigadora coa mellora dos dereitos e condicións laborais.**

87. Novas titulacións. Oferta plural e diversificada de titulacións, na que potenciaremos a especificidade dos programas formativos (con máis posgraduados e másteres que permitan continuar os estudos de cada unha das titulacións de Grao) e coa implantación de **Estudos de xénero e feminismos.** Iniciaremos, ao tempo, un **proceso de adscrición**

das Ensinanzas Artísticas Superiores ao Sistema Universitario Galego.

88. Compromiso coa inserción laboral.

Compromiso coa inserción laboral das persoas tituladas nas nosas universidades a través de **programas autonómicos de acceso ao primeiro emprego** que contribúan a paliar o exilio económico das mozas e dos mozos cun maior nivel de formación académica.

Servizos públicos de calidade

O Goberno galego non pode ser un espectador e permanecer impasible ante as necesidades máis básicas da súa cidadanía. **Para Galicia en Común - Anova Mareas o primeiro é a xente** así que actuaremos en consecuencia para garantir, entre as nosas prioridades, os **fondos necesarios para axudar axeitadamente a aqueles que se atopan en situacións máis precarias, redistribuíndo a riqueza e na procura dun país no que a xustiza social sexa unha realidade.** De forma progresiva, **a xestión dos Servicios Sociais debe pasar a mans públicas xa que se ten demostrado máis eficaz, aplica controis de calidade obxectivos, corrixe erros e deficiencias máis axilmente e, ao final, resulta moito máis económica.**

89. Xustiza social. Igual que a Sanidade e a Educación, a **xustiza social debe rexerse polos principios de universalidade e accesibilidade.** Por iso, **eliminaremos o requisito de posuír unha residencia administrativa regular para poder solicitar e optar ás axudas.**

90. Internet universal e de balde.

Apostamos pola implantación dun servizo universal gratuíto en todo o país, que se xestionará gradualmente e priorizando os territorios e capas sociais máis desfavorecidas.

O Plan de Banda Ancha anunciado por Feijóo en 2015 nunca se abordou e as súas consecuencias fixéronse evidentes coa pandemia sanitaria, especialmente na Educación xa que a fenda dixital agravou a desigualdade de oportunidades. Cremos tamén que é indispensable para multiplicar as posibilidades económicas do país e o mantemento de emprego en determinados sectores. Este Plan asumirá os obxectivos establecidos na Axenda Dixital para Europa de ofrecer unha cobertura de, cando menos, 30 megabits por segundo para toda a poboación. **Garantiremos a gratuidade do servizo até os 10 megabits/segundo e o acceso a Internet en tódolos centros públicos.**

91. Aumento dos fondos para a Lei de Dependencia. Incrementaremos os orzamentos destinados á Dependencia, de xeito que

permitan o seu desenvolvemento real e estable, especialmente no caso da Lei de Promoción da Autonomía Persoal e atención ás persoas en situación de dependencia e con diversidade funcional. Paralelamente **axilizaremos os trámites para reducir as listas de espera e posibilitar o acceso rápido a estas axudas.**

92. Incremento do sector dos coidados e control público. Desenvolveremos o sector dos coidados e o integramos gradualmente no sistema público o que permitirá **aumentar o número de persoas dependentes atendidas, crear novos empregos, abrir Centros de servizos sociais de proximidade e controlar de calidade destes servizos.**

93. Loita contra a feminización da pobreza. Deseñaremos un **Plan contra a feminización da pobreza, con especial atención ás familias monomarentais, á erradicación da fenda salarial por xénero e á corresponsabilidade social dos coidados** coa creación dunha “Rede de servizos públicos de coidados”.

94. Protección da infancia e mocidade.

Loitaremos de forma efectiva e urxente contra a pobreza infantil e xuvenil provendo a este fin máis fondos e procurando a progresiva incorporación destes servizos á xestión pública. Asemade elaboraremos un **protocolo de intervención en situacións de violencia contra a infancia e de protección de nenos e nenas migrantes** (dignificando e reformulando o actual sistema de centros de menores e tratando de potenciar o acollemento familiar).

95. Atención ás nosas persoas maiores.

Aumento exponencial das prazas públicas en residencias de maiores co obxectivo de garantir unha oferta 100% pública a medio prazo e, en tanto, faremos un seguimento **para asegurar unhas condicións dignas na atención** que se lles presta.

Atención domiciliaria para quen desexe permanecer na súa casa e incremento das prazas de Centros de Día.

Complementariamente estableceremos

Programas de acompañamento, atención e vida

activa dos e das maiores e promoveremos unha estratexia contra a soidade non desexada.

96. Coidado das persoas con diversidade funcional. Faremos un **Plan de choque para atender as necesidades da diversidade funcional, para implementar as medidas máis eficaces por cada un dos colectivos con segmentación segundo o tipo de diversidade funcional** (física, sensorial, cognitiva, autismo, síndrome de Down, dano cerebral, parálise cerebral, demencias, transtorno mental, e outros) **buscando sempre como obxectivo a súa independencia e o recoñecemento dos seus dereitos.**

97. Blindar as subministracións básicas. **Garantiremos as subministracións básicas nas primeiras residencias cando a falta de pagamento se deba a motivos alleos á vontade das persoas,** como a pobreza sobrevida, tanto tempo como sexa necesario. Ademais, as compañías cuxos contratos conteñan cláusulas abusivas ou sexan opacas na súa xestión dos

servizos esenciais como luz, auga ou gas serán sancionadas.

98. A xestión pública dos servizos como obxectivo. Comprometémonos á **dignificación das condicións de traballo das e dos profesionais do sector.** Poremos freo á externalización e subcontratación dos servizos, fomentando a creación de centros e entidades de xestión pública e dotando de financiamento ao Terceiro Sector adicado á diversidade funcional ou dependencia.

Recuperar e ampliar os dereitos

Bloque 3

A defensa dos dereitos humanos, das liberdades individuais e a participación activa da cidadanía na toma de decisións sobre as políticas que lles afectan son dereitos irrenunciáveis. Debemos loitar por restaurar os dereitos que nos foron arrebatados e garantir a igualdade. Nunha sociedade xusta e democrática non cabe ningún tipo de discriminación, abuso ou violencia contra ninguén. Por iso, a loita feminista encabezarán as nosas políticas xa que afecta a máis da metade da poboación e queda moito camiño por andar. Aplicaremos tamén outras políticas que abranguen ao respecto á diversidade sexual; á nosa lingua e cultura: á restauración da Memoria Histórica en Galicia; á modificación de leis ou a redacción de nova xurisprudencia

encamiñada á dotármonos de instrumentos que faciliten a participación da cidadanía e poñan a administración ao seu servizo; á defensa duns medios de comunicación plurais, veraces e democráticos e á cooperación internacional.

Feminismo

Os homes e mulleres de Galicia en Común -

Anova Mareas cremos que **non pode haber calidade democrática sen igualdade.**

Precisamos da aplicación dunha nova cultura con ollada feminista que, alentada e apoiada desde as institucións, se converta nun elemento chave das profundas transformacións a emprender en Galicia. **A inclusión da perspectiva de xénero vai afectar á avaliación de tódalas políticas posibles e ao obxectivo de promover a igualdade, porque lle corresponderá, de xeito transversal, a toda a acción institucional do novo Goberno galego.**

99. Compromiso efectivo coa Igualdade.

Compromiso efectivo coas políticas de Igualdade dotándoas dun importante incremento no orzamento dedicado a estas actuacións. Entre elas, o **dereito a decidir** sobre os seus corpos promovendo unha Lei Galega de Saúde Sexual e Reprodutiva, coa que de forma inmediata, **garantiremos o acceso á interrupción voluntaria do embarazo en calquera hospital público do noso país,** eliminando a obxección de conciencia para

esta práctica sanitaria. Canto aos abortos terapéuticos, crearase unha unidade capaz de atendelos con tódalas garantías no SERGAS. **Facilitaremos o acceso aos medios anticonceptivos e facendo especial fincapé na prevención das enfermidades de transmisión sexual e da VIH-SIDA. Eliminaremos a penalización da maternidade sobre as mulleres traballadoras,** a través dun programa de medidas sancionadoras e estableceremos a plena **corresponsabilidade efectiva nas familias biparentais por Lei, tanto nos permisos por nacemento como por adopción.**

100. Loita contra a violencia de xénero.

Abordaremos de xeito integral tódalas violencias de xénero e melloraremos os sistemas de atención social contra as violencias machistas, que se veñen demostrando insuficientes. **Implantaremos protocolos de Atención Social Integral,** coordinaremos as actuacións das administracións e organismos implicados e aumentaremos os seus efectivos, **garantiremos o acceso para as mulleres con diversidade funcional, crearemos unha Rede de**

centros de atención ás violencias sexuais que funcionará de forma ininterrompida tódolos días do ano para ocuparse das situacións de prevención, intervención ou seguimento en supostos de violencias machistas. **Este tipo de violencia debe ser erradicado socialmente pero de xeito especial dende as aulas polo que presentaremos un pacto para “desaprender” o machismo, detectalo e denunciado.**

101. Mellora da atención e autonomía para as mulleres vítimas de violencias machistas.

Reformularemos a atención e acollemento ás vítimas de violencias machistas. Para iso, **diversificaremos e abriremos novos espazos de acollemento segundo as necesidades das mulleres e incorporaremos novos perfís profesionais.** Esta actuación complementarase co **redimensionamento dos Centros de Información ás Mulleres e a extensión, tamén, por todo o territorio de Escolas de Empoderamento Feminista.** Para que estas políticas funcionen eficazmente é **tamén imprescindible axudar ás vítimas de violencia**

machista na súa autonomía económica con plans específicos de emprego e compensación.

102. Coa trata non hai trato. Aplicaremos un programa específico para o **desmantelamento das redes de trata e de explotación sexual en Galicia** e solicitaremos o aumento do número de Xulgados especializados en Violencia sobre a Muller.

Recuperación e ampliación dos dereitos civís

Non hai máis excusas nin máis tempo que perder. **Temos que ser quen de defender os dereitos de todos e todas nós.** Un pobo só pode ser verdadeiramente libre se é capaz de **garantir a equidade, defender as liberdades, apostar pola súa identidade desde o respecto ás outras culturas e facilitar que a súa cidadanía participe e se corresponsabilice da súa acción de goberno.**

103. Normalización da diversidade sexual.

Fomentaremos políticas que teñan en conta a inclusión de tódalas diversidades e, de xeito específico, á diversidade sexual prestando atención ás necesidades e demandas das persoas e os colectivos de lesbianas, gais, trans, bisexuais e intersexuais e Queer (LGTBIQ+).

Desenvolveremos políticas contra a violencia que sofren moitos e moitas adolescentes no ámbito escolar por este motivo **e combateremos os comportamentos discriminatorios dándolle visibilidade a estes colectivos e promovendo estratexias e campañas de tolerancia.**

104. Memoria Histórica democrática.

Recuperaremos a Memoria Histórica de Galicia desde unha perspectiva democrática que responda aos feitos históricos e cumpra cos criterios de verdade, xustiza e reparación. Realizaremos un **censo oficial de vítimas** do franquismo e os máis de 40 anos de ditadura e represión que lle seguiron e comprometémonos a localizar, preservar e **facilitar a apertura das foxas comúns** de Galicia. Loitaremos pola **recuperación das propiedades en mans da familia Franco e apoiaremos ao goberno de España en tódalas iniciativas de restauración democrática** (ilegalización da Fundación Franco, anulación por lei de tódolos xuízos sumarísimos militares, etc.). Crearemos tamén un **Arquivo das Memorias e divulgación da verdade** para recuperar o nome dos e das protagonistas na loita e defensa dos nosos dereitos.

105. Un país de acollida e retorno.

Facilitaremos a volta a casa dos galegos e galegas forzados a emigrar cun Plan de Retorno. Do mesmo xeito, apostamos por un país solidario e cooperante, que apoie ás

organizacións representativas do sector que pretenden **levar a solidariedade galega a outras partes do mundo.**

106. Máis autogoberno. Defendemos o carácter nacional de Galicia e o dereito a exercer e decidir sobre o noso autogoberno.

É necesario establecer un **novo marco de relacións bilaterais entre o Goberno galego e o Goberno do Estado**, eliminando duplicidades e solapamentos, así como aumentando a eficiencia da administración.

Potenciaremos a presenza e a **participación de Galicia na Unión Europea e en organismos internacionais** para defender os intereses da cidadanía galega e tratar os asuntos que nos afectan directamente como país.

107. Respecto aos Dereitos Humanos. Queremos un Parlamento que vele polos dereitos humanos e unha Valedoría do Pobo máis esixente cos dereitos e liberdades da cidadanía.

108. Orgullosos da nosa lingua e cultura.

O galego debe ser o protagonista no noso entorno. Redactaremos un **novo Plan Director de Lingua e aplicaremos actuacións de transversalidade da Política Lingüística en toda a acción de Goberno.**

109. Defensa dunha información pública plural, veraz e independente. Garantiremos o dereito da cidadanía galega a unha información pública plural, veraz e independente, especialmente a través dos medios públicos e nos que a participación, formará parte do novo modelo. **Reverteremos de xeito urxente a política de desmantelamento da CRTVG** e apoiaremos as demandas dos seus traballadores.

110. Democracia participativa. Crearemos mecanismos de democracia directa como os Orzamentos Participativos, unha Lei galega de Participación Democrática para eliminar os atrancos da cidadanía na actividade lexislativa do Parlamento de Galicia. **Modificaremos a Lei Electoral de Galicia** en aspectos referentes á distribución territorial,

á composición de xénero do Parlamento de Galicia, e instaremos ao Goberno do Estado a facilitar a participación dos milleiros de galegos e galegas que residen no exterior.

111. Fin da corrupción e eliminación do malgasto público. Eliminaremos o malgasto de cartos públicos e paralizaremos as actuacións inútiles desde unha total transparencia na acción do goberno na que a corrupción e o clientelismo non teñen cabida.

Protexer o planeta e combater a emerxencia climática

Bloque 4

É o noso deber tomar medidas urxentes para combater de xeito inmediato o cambio climático. As políticas negacionistas da realidade e os intereses económicos das grandes potencias económicas que, unha e outra vez desoan as advertencias e evidencias científicas, a inacción dos gobernos e falta de vontade política **nos teñen colocado nunha situación que roza xa a emerxencia climática.** Pero cada quen ten que asumir as súas responsabilidades, cada un de nós como suxeitos individuais, e o goberno de Galicia en Común - Anova Mareas como responsable dunha acción de goberno para o noso país que contribúa a frear o quentamento do planeta desde as nosas posibilidades. **Moi preocupados por esta situación de emerxencia levamos unha**

chea de medidas que contribuirán a mellorar a situación actual, conscientes de que esta afección é global.

112. Novo modelo territorial. Un **novo modelo territorial para vertebrar racionalmente o país** aproveitando as súas potencialidades e **preservando o seu patrimonio natural:** un modelo que pasa, entre outras, por crear **ciudades sostibles e eficientes e evitar o despoboamento das zonas rurais,** dotándoas de servizos en condicións de igualdade co resto da cidadanía urbana e políticas innovadoras e máis rendibles economicamente que permitan á súa poboación, se así o desexa, permanecer no seu entorno e contar coas mesmas oportunidades de dignidade vital. En ambos sentidos,

estableceremos **plans específicos para un desenvolvemento urbanístico e rural sostible.** Actuacións tan básicas como a **accesibilidade a internet en todo o territorio e que o seu uso sexa de balde** poden contribuír definitivamente a este salto.

113. Mobilidade sustentable, accesible e segura.

Temos tamén que cambiar o noso sistema actual de mobilidade por un modelo máis **sostible, accesible e seguro,** no que os combustibles fósiles sexan substituídos progresivamente por enerxías alternativas. Hai que facer unha aposta importante polo **transporte público colectivo e asequible** con billete único de intermodalidade e desenvolver un **Plan para o uso da bicicleta nas cidades.**

Elaboraremos un Plan Estratégico de Mobilidade Galicia 2030 para establecer unha intermodalidade ecolóxica e articulada **capaz de cohesionar o territorio** reformulando as políticas do noso tren, portos e aeroportos. Complementariamente, **melloraremos a Rede de Estradas de Galicia e a súa seguridade** cun

importante investimento na súa conservación e solicitaremos ao Ministerio de Fomento o **rescate da concesión da autoestrada AP-9.**

114. A auga como ben común, universal e de xestión pública.

A idea da **auga como ben común e universal deberá ser de xestión**

100% pública para o que melloraremos as redes de saneamento e depuración das augas e loitaremos de forma eficaz contra a contaminación dos acuíferos, ríos, rías e ecosistemas mariños.

115. Un novo modelo de xestión de residuos.

Apostamos por unha **nova xestión de residuos sustentable ambientalmente e eficiente** economicamente, que poña fin ó obsoleto e altamente contaminante modelo de SOGAMA e **onde prime a redución, reutilización e reciclaxe.**

O novo modelo basearase na xestión descentralizada dos residuos o que multiplicará a creación de emprego neste sector.

116. Lei Galega de Mitigación e Adaptación ao Cambio Climático. Aprobaremos a **Lei Galega de Mitigación e Adaptación ao Cambio Climático** que terá como principal obxectivo definir a nosa estratexia contra a emerxencia climática. Unha **nova política forestal** que se plantexe a loita contra os incendios como un traballo de prevención, que utilice especies autóctonas para **poñer freo ós lumes e á desertización** e, progresivamente, erradique as especies invasoras de flora e fauna.

117. Abordar unha transición enerxética e hidrolóxica responsables. Cómpre abordar tamén unha **transición enerxética e hidrolóxica xusta e responsable.** No primeiro caso, cunha **aposta firme e seria polas renovables** e revertendo as **hidroeléctricas a mans públicas segundo caduquen as súas concesións.** No segundo caso, de forma urxente, coa **recuperación da calidade ambiental das nosas masas de auga** e os seus ecosistemas.

Aprobaremos un novo **Plan Sectorial Eólico de Galicia** fomentando un modelo de

xeración distribuída en mans da xente e das administracións públicas como prioridades. Nese Plan aplicaranse criterios esixentes de respecto á paisaxe, ao patrimonio cultural e ás persoas que habitan o territorio.

118. Protexer a nosa natureza. Nova Lei de Protección da Paisaxe de Galicia que conleve a protección e rexeneración de entornos singulares naturais. Paralelamente revisaremos e ampliaremos a Rede Natura en Galicia e aumentaremos o número e extensión dos nosos Parques Naturais.

119. Preservar a nosa biodiversidade. **Preservaremos a nosa biodiversidade** como obxectivo ineludible e deber ético delegado para as xeracións futuras. **A aprendizaxe medioambiental e o do noso territorio formará parte da educación regrada** como instrumento de concienciación e sensibilidade cara á necesaria conservación da natureza.

120. Defender aos animais. Deseñaremos unha **Lei de Protección Animal e Convivencia**

Responsable que recoñeza os animais como seres sentintes e **amente significativamente as sancións por delitos de maltrato ou abandono animal.** Aspiramos tamén á **erradicación do toureo no noso país.**

**CONSTRUÍRMOS
O FUTURO**
PLAN DE RECUPERACIÓN DO PAÍS